

Negociación sobre as afíns

Afíns en Secundaria

O primeiro que pedimos ao ver este documento é que se nos aclare cal é a intención ca distribución que nesta táboa se fai de materias afíns prioritarias ou ámbitos afíns prioritarios.

Pretende a Consellaría que no caso de que unha persoa á que se lle adxudique unha vacante de debuxo está obrigada se a distribución do centro o precisa, aínda que non a pida no CADP, a dar de “afín” Xeografía e Historia pero sen ter a consideración de afín? Significa iso que neste caso podería superar as 18 horas lectivas aínda sen conformidade do afectado?

Como ben se marca na lexislación que se nomea, a atribución docente xa está determinada na normativa, polo que calquera asignación que aquí se faga debe ser sempre considerada como materia afín.

A Consellaría di que de momento a peticións de afíns vaise manter como até agora e soamente se poderán adxudicar se se pediron. Desde a administración trasládase que de momento é un documento inicial e seguírase a traballar nel.

Despois no reparto de materias e módulos afíns atopamos moitas incongruencias, por exemplo:

👤 Oratoria está como afín en Filosofía, Grego, Inglés, Italiano, Latín e Portugués. Porén non está en Alemán ou Francés.

👤 En Galicia non hai Física e Química en 1º da ESO

👤 A materia de Tecnoloxía impártese tamén en 4º ESO. Se se limita no caso das Matemáticas, Xeografía e Historia ou da Física e Química aos primeiros cursos da ESO, entendemos que debería

facerse o mesmo con

Tecnoloxía.

👤 Entendemos que debe haber tamén unha relación recíproca entre Física e Química e Bioloxía e Xeoloxía ao considerarse a relación que o propio Anexo III do RD 286/2023 establece.

👤 Considerando a relación anterior debería terse en conta para Bioloxía tamén Matemáticas de 1º e 2º.

👤 No caso de Latín e Grego considerar tamén unha afín prioritaria da outra como marca o Anexo III do RD 286/2023.

👤 Consideramos tamén que debería darse unha afinidade recíproca con Lingua Galega e Portugués.

Como conclusión final da negociación deste documento queda a creación dun grupo de traballo para analízalo e melloralo no próximo curso, quedando este texto só coma un punto de partida

- Na táboa aparecen materias que non existen como instalacións electrónicas, que entendemos que serán sistemas electrónicos, sistemas electrotécnicos e automáticos ou equipos electrónicos. Polo que sería preciso que se puxese o código das materias.
- Non deberían aparecer ningunha materia de FP, ou de poñerse ten que ampliarse moito máis, xa que por exemplo materias da rama de informática, ou da rama sanitaria poderían impartir tamén afíns materias de secundaria.
- Consideramos que aqueles ámbitos que non son de atribución docente das


especialidades correspondentes que marca o RD 286/2023 se consideren afíns.

Afíns en Bacharelato

Non se recolle ningunha relación para impartir afíns no Bacharelato.

Afíns no corpo de mestres

Solicitamos que se regulen as adxudicacións de afíns no corpo de mestres, despois de comprobar que o curso pasado había persoal que non puido acceder a determinadas vacantes con afín debido a que na súa participación non podía seleccionar as afíns da súa preferencia.



OS NOSOS LOCAIS

SANTIAGO (Local Nacional)
Rúa Miguel Ferro Caaveiro 10
15706 Santiago de Compostela
☎ 981 57 68 00 / Fax 981 575 839
santiago@cig-ensino.gal

A CORUÑA
Rúa Alfonso Molina s/n
15007 A Coruña
☎ 981 169 810 / Fax 981 291 735
acorunha@cig-ensino.gal

BAIXO MIÑO
Praza da Guía 3, Baixo
36780 A Guarda
☎ 986 610 465 / Fax 986 610 465
baixomiño@cig-ensino.gal

MORRAZO
Rúa Atranco 19a, Entrechán 1
36947 Cangas
☎ 986 302 987 / Fax 986 302 987
morrazo@cig-ensino.gal

FERROL
Rúa Eduardo Pondal 41-43
15403 Ferrol
☎ 981 358 750 / Fax 981 358 760
ferrol@cig-ensino.gal

LUGO
Ronda da Muralla 58, 2º andar
27003 Lugo
☎ 982 245 023 / Fax 982 2453 891
lugo@cig-ensino.gal

OURENSE
Parque de San Lázaro 12, 4º
32003 Ourense
☎ 988 238 350 / Fax 988 222 855
ourense@cig-ensino.gal

PONTEVEDRA
Rúa Pasantería 1, 2º Esquerda
36002 Pontevedra
☎ 986 861 513 / Fax 986 855 050
pontevedra@cig-ensino.gal

A MARIÑA
Avenida de Galicia 20, 1º
27700 Ribadeo
☎ 982 129 593 / Fax 982 129 593
amarinha@cig-ensino.gal

VAL DE MONTERREI
Rúa Pedro González 5, 1º
32600 Verín
☎ 988 412 345 / Fax 986 411 013
verin@cig-ensino.gal

VIGO
Rúa Gregorio Espino 47, Baixo
36205 Vigo
☎ 986 827 935 / Fax 986 262 844
vigo@cig-ensino.gal

SALNÉS
Rúa Alexandre Bóveda 2, 2º
36600 Vilagarcía
☎ 986 505 323 / Fax 986 505 323
salnes@cig-ensino.gal